



NARÓN

Datos Do Expediente:

EXPEDIENTE XENERICO	
Unidade Tramitadora:	
Promocion e Emprego – MFM	
Número expediente:	Documento:
EMP/10/2020	EMP14I1AG
6T1M4C65493M72020BFT	

Asunto: Informe de instrucións aclaratorias cara á xustificación das subvencións Narón Impulsa aos efectos de poder publicalas na sede electrónica do Concello de Narón, no propio procedemento.

A funcionaria municipal que subscribe, xefa do Servizo Sociocomunitario municipal, en relación ao asunto de referencia, emite o seguinte

INFORME:

A finalidade do programa da subvención Narón Impulsa é minimizar o impacto da crise económica provocada pola COVID-19, ás persoas autónomas, microempresas e pequenas empresas de Narón, facilitando o mantemento da súa actividade económica e do emprego.

No punto 10 das bases reguladoras das subvencións **NARÓN IMPULSA**, establécense as obrigas das persoas beneficiarias e por elo, no punto 11 destas, especificábase a documentación que teñen que presentar **durante o mes de xaneiro de 2021 no procedemento Narón Impulsa na sede electrónica do Concello, no apartado de xustificación**, segundo o tipo de beneficiario/a.

1. Certificado actualizado (xaneiro 2021) de situación censual
2. Resolución/certificación actualizada (xaneiro 2021) da alta no réxime correspondente da Seguridade Social da persoa física ou administradora beneficiaria da subvención
3. No caso de ter empregados/as ao seu cargo, informe de vida laboral da empresa expedido pola TXSS que abarque os meses posteriores á concesión da subvención e ata decembro de 2020
4. Modelo declaración responsable do conxunto de axudas solicitadas ou concedidas e/ou outros ingresos obtidos para a mesma finalidade
5. Documentación acreditativa da redución da facturación realizarase, mediante a achega da documentación á que fai referencia o artigo 17.10 do Real Decreto-Lei 8/2020, do 17 de marzo, do período de setembro de 2019 a abril de 2020:
 - a. copia do libro de rexistro de facturas emitidas e recibidas ou
 - b. copia do libro diario de ingresos e gastos ou
 - c. copia do libro rexistro de vendas e ingresos e copia do libro de compras e gastos

Aqueles traballadores/as autónomos/as que non estean obrigados/as a levar os libros que acrediten o volume de actividade, deberán acreditar a redución de polo menos do 75%, durante o citado período, esixida por calquera medio de proba admitido en dereito.

6. Para os casos de persoas beneficiarias que estaban en situación de IT/maternidade/paternidade/risco durante o embarazo/lactación, documento(s) oficial(is) acreditativo(s) da duración de calquera destas prestacións, no que conste a data de inicio e fin.

No punto 13 destas bases reguladoras establécese o reintegro do importe percibido cos xuros de mora correspondentes, no caso de incumprimento das seguintes obrigas, sen prexuízo dos supostos previstos no artigo 37 da Lei xeral de subvencións:

- Mantemento da actividade empresarial subvencionada ata o 31-12-2020
- Para o caso, de ter persoal a cargo, mantemento mínimo do 50% do persoal declarado no informe de vida laboral da empresa de data 1-3-2020
- Para os casos de persoas beneficiarias que estaban en situación de IT/maternidade/paternidade/risco durante o embarazo/lactación, mantemento da contratación laboral da persoa que as substitúen durante todo o período de tempo que dura a prestación.

Aclaración do punto 5.3 das mesmas bases indícase que en ningún caso o importe da subvención unido ao doutras posibles subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado poderá superar a diminución de ingresos da actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus. Para a comprobación desta obriga o primeiro que se calcula é a diminución de ingresos, realizando os seguinte pasos:

1. A media dos ingresos/facturación dos meses de setembro de 2019 a febreiro de 2020. Se o período de actividade non comprende estes 6 meses, calcularase a media que corresponda ao período de actividade.
2. Este resultado compárase cos ingresos/facturación do mes de abril de 2020, para confirmar a diminución de ingresos.

Para unha mellor aclaración, introducimos un exemplo:

- Facturación setembro 2019: 2.900 €
- Facturación outubro 2019: 3.200 €
- Facturación novembro 2019: 2.700 €
- Facturación decembro 2019: 3.600 €
- Facturación xaneiro 2020: 2.100 €
- Facturación febreiro 2020: 2.800 €.

Polo tanto, a media do semestre é: 2.883,33 € (17.300 € / 6 meses).

A diminución esixida do 75%, para este caso, é de 2.162,50 €

- Facturación abril 2020: 690 € (ou 0 €, para os casos, das actividades obrigadas a pechar pola normativa)

Confírmase a diminución de máis do 75%, concretamente de: 2.193.33 € (ou 2.883,33 €, para os casos, das actividades obrigadas a pechar pola normativa)

O segundo paso, é calcular as subvencións e prestacións **recibidas ou xeradas** desde o 14 de marzo ao 31 de decembro de 2020, en relación á crise provocada pola COVID-19. Como poderían ser a subvención Narón Impulsa e PEL-Reactiva e a prestación extraordinaria por cesamento de actividade (e outras da Consellería de Emprego e Igualdade...).

Continuando o exemplo anterior, vamos a confirmar o cumprimento do punto 5.3 das bases reguladoras.

- Prestación extraordinaria do mes de abril: 937 €



CONCELLO DE NARÓN

- Cobrada subvención Narón Impulsa: 3.000 € / 9 meses (de abril a decembro) = 333,33 € imputable ao mes de abril
- Xerada subvención PEL-Reactiva: 2.000 € / 9 meses (de abril a decembro) = 222,22 € imputable ao mes de abril.

Total: 1.492,55 €

Podemos concluir que os 1.492,55 € non supera a diminución de ingresos de 2.193,33 € da actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus.

Á vista do anterior, o Concello de Narón aprobará a xustificación de ditas subvencións segundo as bases reguladoras e estas instrucións aos efectos de considerar o cumprimento das obrigas ou o seu incumprimento.

Poderase contactar co servizo xestor destas subvencións no seguinte teléfono: 981-337700, extensións 1123, 1114 e 1110.

O que se informa, aos efectos oportunos.



Asinado dixitalmente por:
A Xefa Do Servizo
Sociocomunitario
Maria Yolanda Martínez Garcia
02/12/2020 11:42:00